



BASES SORTEO “CAMPAÑA PASCUA NO COMERCIO LOCAL 2025”.

1.-OBXETO E PARTICIPACIÓN

A ASOCIACION DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA pon en marcha un sorteo dirixido a tódolos clientes que merquen e consumen nos establecementos asociados. Os participantes neste sorteo deben ser maiores de idade, sendo a súa participación gratuita e sen contraprestación algunha. O obxectivo fundamental da campaña é incrementar as vendas e incentivar o consumo no pequeno comercio retalista e hostalería de Ribeira.

2.-DURACION E ÁMBITO

A promoción realizarase entre as compras e consumicións feitas desde o día 4 ó 20 de abril de 2025. A forma de participar será mercando e consumindo en calquer establecemento socio. O sorteo realizarase o **luns 21 de abril ás 12:00h** no local da Asociación de Empresarios. Esta mecánica pode ser modificada a criterio da Directiva a AER en calquer momento.

3.- DINÁMICA E FUNCIONAMENTO

Nesta campaña poderán participar tódolos consumidores maiores de idade, que se rexistren a tal efecto seguindo as indicacións detalladas seguidamente neste apartado, e que realicen unha compra ou consumición por calquera importe nos establecementos participantes nesta campaña, sempre e cando a compra se realice durante as datas de duración da campaña. Isto é, do 4 o 20 de abril de 2025.

Os consumidores participantes **deberán en todo caso conservar o ticket da compra ou consumición realizada, a fin de dispoñer dun xustificante.**

A forma de participar será a seguinte:

1- O consumidor/cliente poderá rexistrarse para participar nesta campaña na pestaña “Sorteos” na web da Asociación de Empresarios de Ribeira www.empresariosriveria.com, efectuando o correspondente rexistro da compra ou consumición realizada, que lle dará dereito a unha participación no sorteo. No rexistro deberá quedar perfectamente identificada a operación de compra/consumición realizada e o cliente ou consumidor. So poderán facer un rexistro por operación de compra/consumición, e cada operación rexistrada, equivale a unha participación. Cantas máis compras/consumicións fagan nos establecementos participantes, máis participacións poderán obter e máis posibilidades de gañar.

A realización do sorteo terá lugar de xeito telemático mediante un código programado que elixirá aleatoriamente aos agraciados de entre tódolos participantes, ata conseguir os gañadores dos premios.

O consumidor/cliente/usuario rexistrado na campaña, poderá optar aos premios con varias participacións se é o caso, pero unha vez agraciado cun premio, xa non poderá optar a ningún máis na mesma edición, podendo obter polo tanto **cada cliente/consumidor un único premio**. Así mesmo, nesta campaña só poderá saír un premio por establecemento participante.

4.-PREMIO

Os premios serán 150€ en vales de compra repartidos en 3 premios, 3 vales de compra de 50€ para gastar nos establecementos comerciais e hostaleiros.

O importe do premio dos vales debe ser gastado nos establecementos participantes como data límite o 31 de maio de 2025.

5.-ACEPTACIÓN

A participación no sorteo conleva a expresa aceptación e sometimento ás Bases do mesmo, así como a autorización para publicar o nome dos gañadores e fotos na páxina web da AER, redes sociais, e medios de prensa escrita local, nacional e internacional sin que elo conleve compensación económica algunha a favor dos agraciados.

Non obstante ó anterior, os interesados poderán en calquera momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e no seu caso, cancelación, previstos na LO 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, mediante comunicación escrita, cos seus datos, dirixida a Asociación de Empresarios de Ribeira, Rosalía de Castro, 13 15960 Ribeira.

AER resérvase o dereito exclusivo de modificar, reemplazar, complementar e/ou rectificar as presentes bases, que serán publicadas.³³